ACTIVIDADE 1:

Pois ben os animais teñen por natureza sensación e a partir desta nalgúns deles non se xenera a memoria, mentras que en outros,si se xenera, e por iso eses últimos son máis inteligentes e máis capaces de aprender que os que non poden lembrar (…)Certamente o resto (dos animais) vive grazas ás imaxes e aos recordos sen participar apenas da experiencia, mentres queo xénero humano(vive), ademáis grazas ao arte e ao razonamento"
ARISTÓTELES; Metafísica; Lib. I, cap. 1

1.Establece Aristóteles algún tipo de xerarquía entre os animais?
2.Que diferenta establece entre o home e o resto dos animais?
3.En que consistiría, segundo o que podemos ler neste texto, a especificidade do humano?

ACTIVIDADE 2

Entre os fantasmas producidos polo delirio da razón destaca pola súa extravagancia e recurrencia a idea filosófica da ausencia dunha natureza humana. Todas as outras especies animais terían unha natureza, pero os seres humanos serían a excepción. O *Homo sapiens* nin sequera sería un animal, senón unha especie de anxo abstruso e etéreo, pura liberdade e plasticidade. A tese de que os humanes carecen de natureza definida aparece xa expresada no humanista Pico della Mirandola. Dende Pico (…) moitos pensaron que a especie humana carece de natureza, que somos pura liberdade e indeterminación e que vimos ao mundo como unha folla en branco (*tamquam tabula rasa*).

(…) Poucas dúbidas caben de que a tese da inexistencia dunha natureza humana ou a do seu carácter incorpóreo e cuasiespiritista son falsas. Aínda que no pasado as concepcións tradicionales, de raíz relixiosa ou supersticiosa, inspiraron grande parte das ideas filosóficas acerca da natureza humana, a súa incompatibilidade coa ciencia actual fanas irrelevantes.
MOSTERÍN, J; *O debate acerca da naturaza humana*

1. Como cualifica Mosterín as concepcións que defenden a inexistencia dunha naturaza humana?
2. Podes identificar algún autor que defendera a idea de que "a especie humana carece de natureza, que somos pura liberdade e indeterminación"?
3. En que perspectiva de análise se sitúa o autor do texto? Cal é o seu principal argumento para rexeitar as teorías que cuestionan a existencia dunha natureza humana?

ACTIVIDADE 3

Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948)

Art. 1. Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia. Deben comportarse fraternalmente uns cos outros

Art. 2.1. Toda persoa ten todos os dereitos e libertades proclamados nesta declaración, sen distinción ningunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole , orixe nacional ou social, posición económica ou calquera outra condición

Art. 7. Todos son iguais ante a lei e teñen, sen distinción, dereito a igual protección da lei. Todos teñen dereito a igual protección contra toda discriminación que infrinja esta declaración e contra toda provocación a tal discriminación

1. A partir da lectura destes tres artigos da DUDH, poderías establecer cal é o fundamento dos Dereitos Humanos?

2. "Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos" establece o art. 1. Que se entende por "dignidade"?

3. Que relación hai entre a dignididade e a razón ?

ACTIVIDADE 4

Relaciona os seguintes conceptos **multiculturalidade, interculturalidade e multiculturalismo** coas súas definicións:

O termo…….. expresa unha realidade culturalmente diversa
O termo…….. é expresión da reivindicación cultural identitaria de minorías etnoculturais fronte a unha mayoría cultural dominante
O termo…….. expresa unha relación de harmonía entre culturas (intercambio e convivencia social entre culturas diferentes)

SOLUCIONARIO

ACTIVIDADE 1:

1.Establece Aristóteles algún tipo de xerarquía entre os animais?
Si. Aínda que todos os animais teñen por natureza sensación, Aristóteles considera que algúns teñen memoria e outros non. Os que non teñen memoria, serían os máis baixos na xerarquía, a continuación estarían os animais que posúen

memoria, xa que son capaces de aprender e, por último, os humanos que poseímos o arte (a capacidade técnica) e o razoamento.

2.Que diferenza establece entre o home e o resto dos animais?
A racionalidade. “O xénero humano(vive), ademáis grazas ao arte e ao razonamento”

3. En que consistiría, segundo o que podemos ler neste texto, a especificidade do humano?

Na racionalidade. Precisamente é a Aristóteles a quen lle debemos a definición do ser humano como "animal racional"

ACTIVIDADE 2

1. Como cualifica Mosterín as concepcións que defenden a inexistencia dunha naturaza humana?

Como extravagantes, como "fantasmas producidos polo delirio da razón"

2. **Podes identificar algún autor que defendera a idea de que "a especie humana carece de natureza, que somos pura liberdade e indeterminación"?**

O existencialista Jean-Paul Sartre é un dos autores que defendeu esta tese. Rexeitou, en efecto, a existencia dunha natureza humana que poida determinar o noso ser e considera que o ser humano é algo indeterminado, que só nas accións e as eleccións vai determinando o perfil da súa personalidade. Por iso o home é unha conciencia. Sartre introduce, fronte ao concepto de natureza humana, o de "condición humana" .

3. En que perspectiva de análise se sitúa o autor do texto? Cal é o seu principal argumento para rexeitar as teorías que cuestionan a existencia dunha natureza humana?

Na perspectiva naturista. O seu principal argumento para rexeitar as teorías que cuestionan a existencia dunha natureza humana é a súa incompatibilidade coa ciencia.

ACTIVIDADE 3

1. A partir da lectura destes tres artigos da DUDH, poderías establecer cal é o fundamento dos Dereitos Humanos?

A dignidade, que se recoñece como inherente á propia natureza humana. Considerar que todos os seres humanos, polo feito de selo, somos merecedores de respecto, de recoñecemento e de non instrumentalización por parte dos outros, é o fundamento dos dereitos humanos. Os dereitos humanos poderían entenderse como as condicións nas que ese recoñecemento, ese respecto esa non instrumentalización se fai posible.

2. "Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos" establece o art. 1. Que se entende por "dignidade"?

O concepto de dignidade é un principio moral baseado na consideración do ser humano como un fin, e que impide a súa utilización como un medio

3. Que relación hai entre a dignidade e a razón ?

O concepto de dignidade é o valor intrínseco de todo ser humano, que apoiado na súa razón constitúe a base de todos os dereitos. O recoñecemento da

dignidade do outro esixe racionalidade. Porque estamos "dotados de razón e conciencia" debemos comportarnos "fraternalmente uns cos outros", é decir, recoñecer nos outros a seres que teñen valor por sí mesmos, isto é, que están dotados de dignidade.

ACTIVIDADE 4

Relaciona os seguintes conceptos **multiculturalidade, interculturalidade e multiculturalismo** coas súas definicións:

O termo **multiculturalidade** expresa unha realidade culturalmente diversa

O termo **multiculturalismo** é expresión da reivindicación cultural identitaria de minorías etnoculturais fronte a unha mayoría cultural dominante

O termo **interculturalidade** expresa unha relación de harmonía entre culturas (intercambio e convivencia social entre culturas diferentes)